



## SOLICITUDE DE PRAZA PARA O CURSO 2024 – 2025 (Orde do 21 de outubro de 2022 -DOG n.º 212)

### DOCUMENTACIÓN INICIAL

- **SOLICITUDE:** Presentarase preferiblemente por vía electrónica:  
Na sede electrónica: <https://sede.xunta.gal>  
no portal educativo: <http://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>, ou no propio centro.
- A solicitude virá asinada por un proxenitor, titor ou acolledor, no anexo II bis constarán os demais membros computables coa sinatura do/a pai/nai, titor/a no caso dos/as menores e no anexo II-bis (continuación) asinará o outro proxenitor.
- **FOTOCOPIA COMPULSADA DO LIBRO DE FAMILIA** (Libro completo)
- **CERTIFICADO DE MATRÍCULA** expedido polo centro de orixe ( para alumnos xa escolarizados noutro centro)
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.

### CALENDARIO:

Do 1 de marzo ao 2 de marzo: Presentación de solicitudes

25 de abril: Publicación das **listaxes provisionais** de admitidos e non admitidos.

Prazo reclamación ante o Consello Escolar: 5 días habiles a partir da publicación das listaxes.

15 de maio: Publicación das **listaxes definitivas** de admitidos e non admitidos.

Recurso de alzada un mes, ante a Xefatura Territorial.

Durante o mes de xuño: **Formalización de matrícula** para os alumnos/as admitidos.

### DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTARÁ PARA BAREMAR (só en caso necesario)

deberá estar vixente na data de inicio do prazo de presentación de solicitudes.

En previsión de que o número de solicitudes no nivel en que o seu fillo/a vai ser escolarizado/a sexa superior ao de prazas dispoñibles, deberán aportar, xunto coa solicitude, a documentación que xustifique o dereito a aplicar a correspondente puntuación para baremar.

A documentación a presentar, según o dereito que se alegue, será a seguinte:

- Proximidade do domicilio: (área influencia: 8 puntos. Limítrofe: 4 puntos) - **Certificado do padrón municipal.** (Non é válido o volante do padrón). Debe coincidir co domicilio fiscal.
- Proximidade do lugar de traballo: (6 puntos na área de influencia e 3 puntos nas áreas limítrofes) **Certificado da empresa.** (Ambas circunstancias son incompatibles - domicilio familiar e lugar de traballo).
- **Renda per cápita da unidade familiar ano 2022.** (IPREM : INDICADOR PÚBLICO DE RENDA DE EFECTOS MÚLTIPLES : 579,02€ -1 mes, 6,948,24 € -12 mensualidades///8.106.28 € -14 mensualidades).
  - *Igresos iguais ou inferiores a 0,5 o IPREM: 3 puntos*
  - *Igresos igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 o IPREM: 2 puntos*
  - *Igresos igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM: 1 punto*
  - *Igresos iguais ou superiores ao IPREM: 0 puntos*
- **Certificación de familia numerosa.** (categoría especial: 3 puntos, xeral: 2 puntos)
- **Irmáns nados dun parto múltiple:** se son dous 8 puntos se son máis 10 puntos
- **Familia monoparental** hai que xustificalo documentalmente. (2 puntos)
- **Discapacidade superior ao 33%:** do alumno (4 puntos), proxenitores, titores ou acolledores (3 puntos), irmáns (1 punto por cada un). Terá a mesma consideración: pensión por incapacidade da Seg. Social ou pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade. -Xustificarase coa presentación do correspondente certificado.
- **Vítima de violencia de xénero/ vítima de terrorismo:** 2 puntos
- **Criterio complementario** establecido polo centro. 0 puntos

### Notas:

\*A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario, pero a non presentación implica a renuncia á correspondente puntuación.

\* As **compulsas** pódense facer no propio centro, previa presentación dos documentos orixinais.

\* **Recórdase a obrigatoriedade de presentar unha soa solicitude.** O alumnado que presente solicitude de admisión neste CEIP deberá comunicalo no centro no que cursa estudos actualmente e se tivera feita reserva de praza deberá renunciar a mesma antes do inicio do prazo e presentación de solicitudes de admisión